



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS DE APOYO AL DESARROLLO DE LAS ENERGÍAS RENOVABLES Y LA SOSTENIBILIDAD (CLUERGAL) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN, FORMACIÓN, INFORMACIÓN E ASESORAMENTO RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director do Departamento de Enerxía da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Asociación Clúster Gallego de la Industria y Servicios de apoyo al desarrollo de las energías renovables y la sostenibilidad (Cluergal), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e remata o 31 de decembro de 2023, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de febreiro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o Inega e Cluergal para a realización de actividades de difusión, formación, información e asesoramento relacionadas co desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Inega constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destaca a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

Que Cluergal é unha asociación sen ánimo de lucro, que representa ao sector das enerxías renovables de Galicia. O obxectivo central de Cluergal, tal como recollen os seus Estatutos, consiste en promover proxectos entre os seus membros, o desenvolvemento da industria e servizos do sector das enerxías renovables así coma o fomento da sostenibilidade enerxética. Actualmente Cluergal agrupa ó 50 % da cifra de negocios da industria das enerxías renovables de Galicia, de xeito directo e ao 30 % no caso de empresas vinculadas.

A posta en marcha pola Unión Europea dos Fondos de Recuperación e resiliencia, Next Generation EU (NGEU), anima aos estados e ás rexións europeas a posicionarse e xerar os mellores proxectos estratéxicos para a súa contorna empresarial.

Globalmente, o Sector das Enerxías Renovables de Galicia xeraba en 2022 un Valor Engadido Bruto duns 3.000 millóns de euros, o 4 % do PIB, e dez mil postos de traballo, o 0,9 % do emprego total, centrado nas diferentes tecnoloxías renovables. Destaca asemade o predominio no tecido sectorial das Pemes e a súa dispersión que se traduce coma elemento chave de vertebración territorial de Galicia.

A incerteza do contexto actual e as consecuencias dunha crise sanitaria e económica a nivel global require acelerar a transformación da industria galega das enerxías



renovables, mantendo o emprego, e saíndo reforzada deste novo escenario co gallo de transformarse cara a unha cadea de valor dixital, verde e resiliente, quen de adaptarse rápido aos cambios rupturistas.

O Inega colaborará con Cluergal no financiamento do desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, cunha achega de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 €) I.V.E. engadido, equivalente ao 100 % do custe subvencionable, con cargo á partida orzamentaria 05.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2023, segundo o cadro seguinte:

CONCEPTO	ORZAMENTO
1. Cinco xornadas informativas presenciais relacionadas coas liñas de traballo e de apoio e incentivos do Inega en 2023.	14.900 €
2. Guía de axudas 2023, en formato dixital, relacionada co eido enerxético.	11.800 €
3. Estudo de capacidades da cadea de valor da eólica terrestre en Galicia.	14.600 €
4. Accións de promoción, difusión e divulgación sobre a cadea de valor industrial da eólica terrestre en Galicia	13.700 €
TOTAL:	55.000,00 €

O Inega fará efectivo un primeiro pagamento de 27.500 euros á sinatura do convenio e un segundo pagamento de 27.500 euros, unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos de Cluergal comprensiva dos gastos incorridos o desenvolver as actuacións definidas no anexo I e a correspondente documentación xustificativa.

O interese compartido no desenvolvemento da actividade supón, á súa vez, que as achegas que a Administración efectúa no seo do convenio non se dirixen a retribuír á outra parte, senón a posibilitar a acción conveniada.

No texto do convenio ponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de acadar os obxectivos de aforro e eficiencia enerxética, xerar volume de negocio e evitar a contaminación ambiental, dar a coñecer as empresas e a cidadanía en xeral este sistema de aproveitamento enerxético.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O director do Departamento de Enerxía,
Juan I. Rodríguez Fernández-Arroyo

